

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS

EXTRACTO da Resolución do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ao impulso do sector escénico galego, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT403D).

BDNS (Identif.): 520936.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán acceder a estas axudas segundo as distintas modalidades:

Modalidade 1: persoas físicas (autónomas) ou xurídicas dedicadas profesionalmente á xestión de salas de artes escénicas de titularidade privada na Comunidade Autónoma de Galicia con capacidade igual ou inferior a 150 localidades.

Modalidades 2 e 3: persoas físicas (autónomas) ou xurídicas, así como as unións temporais de empresas, dedicadas profesionalmente á produción de actividade escénica, que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Finalidade*

Fixar as bases que regularán o réxime de subvencións establecidas pola Agadic de apoio ao sector escénico, dentro do marco das competencias deste organismo, a través de distintas liñas de subvención e proceder á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT403D).

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 21 de agosto de 2020 pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ao impulso do sector escénico galego, e se convocan para o ano 2020 (código de procedemento CT403D)..



Cuarto. *Importe*

O importe global máximo das subvencións será de 500.000 euros, suma que irá con cargo á aplicación orzamentaria 11.A1.432B.770.0 do orzamento de gastos da Agadic, código de proxecto 2010-0005, distribuído entre as anualidades 2020 e 2021, 250.000 euros con cargo ao exercicio 2020 e 250.000 euros con cargo ao exercicio 2021.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo para a presentación das solicitudes será de un (1) mes desde o día seguinte ao da publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2020

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais

